



NARÓN

Datos Do Expediente:

CONTRATOS REGULACIÓN ARMONIZADA	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/96/2014	CONZIOX
445N6Q2R1V3F3S010N4I	
	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "A" QUE CONTEN A DOCUMENTACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS DA CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE LIMPEZA DE INTERIOR DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS E ESCOLAS.

Presidente: D. José M. Blanco Suárez.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli Secretario Xeral do Concello
D. Manuel G. Antón Villamil Interventor Substituto do Concello
D. Anselmo García López, funcionario adscrito ós Servizos Externos
D. José Ibán Santalla Borreiros Concelleiro delegado de Servizos

Secretario: Ignacio Mazaira Garro , Xefe de Sección de Contratación

De conformidade co establecido na cláusula 10.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiron os representantes das tres empresas licitadoras, Ferrovial Servicios S.A., Samyl S.L. e Star Servicios S.L.

Sendo las 13.00 horas do día nove de outubro de dous mil quince, réunese a Mesa de Contratación formada por los membros que enriba se expresan, para a apertura dos sobres A relativos a os criterios avaliados de xeito automático das empresas admitidas á licitación.

Pola presidencia declárase aberta a reunión, procedéndose a tratar os asuntos da orde do día:

- 1.- Avaliación dos criterios non avaliados mediante fórmulas
- 2.- Apertura das ofertas avaliados de xeito automático mediante fórmula

O Secretario da Mesa pon en coñecemento dos presentes o resultado da avaliación dos criterios técnicos que resultou:

A Mesa de Contratación acordou excluír ao licitador Ferrovial Servicios S.A., por non presentar memoria económica como requiría a base 4 do prego de condicións técnicas.

A avaliación dos criterios técnicos realizada polo técnico municipal e refrendada pola Mesa de Contratación, foi a seguinte:

Empresa	Organización do Traballo	Criterios Medioambientais e sociais			Total
		Medioambiente	Igualdade	Vulnerabilidade Social	
Samyl S.L.	21	5	5	5	36
Star Servicios S.L.	5	3	3	3	14

A Mesa ante o resultado da valoración acordou excluír á mercantil Star Servicios S.L. ao non acadar os vinte puntos que se establecían como mínimo no punto 9 da portada do Prego de condicións administrativas particulares.

Antes de proceder á apertura dos sobres "A", o representante da empresa Star Servicios S.L., pide a palabra á presidencia, que accede, para expresar a súa indignación polos termos vertidos no informe asinado polo Xefe dos Servizos Externos e solicita que sexa lido polo Secretario da Mesa para coñecemento dos presentes,. Rematada a lectura, retoma a palabra o licitador Star Servicios S.L., solicitando que se retiren os termos ofensivos para esta empresa, ao que a Mesa responde que non pode modificar ningún documento do que non son autores. Por último esta empresa anuncia a interposición do recurso especia en materia de contrataciónl.

Ferrovial Servicios S.A., non entende as causas que motivaron o rexeite da súa oferta, xa que para nada vale un estudio económico utilizando o tipo de licitación como coste do servizo, polo que anuncia interposición de recurso especial contra a súa exclusión. Indica, asi mesmo, á Mesa de Contratación que se un contrato que ascende a 2.311.426,62 euros en catro anos, só ten tres licitadores, algo ten que fallar na licitación. Puxéronse demasiadas trabas aos licitadores, como convocar a licitación en pleno período vacacional, para poder presentar unha boa oferta.

3.- APERTURA DOS SOBRES A CORRESPONDENTE Á OFERTA ECONÓMICA

Pola presidencia procédese á apertura dos sobres

EMPRESA	OFERTA SEN IVE	IVE	TOTAL
Samyl S.L.	1.398.000	293.580,00	1.691.580,00

Así mesmo, propón diversas melloras que valora en 37.400 euros.

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes



4.- VALORACIÓN FINAL DAS OFERTAS ADMITIDAS.

A Mesa acorda deixar pendente a valoración final das ofertas admitidas, e no seu caso formular a correspondente proposta de adxudicación nunha vindeira reunión, previa convocatoria realizado ao efecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 13 horas e 30 minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente

